



**En Santiago de Compostela, a mércores 17 de febreiro de 2021.**

Prezados/as,

Dende a Xunta Directiva de Escena Galega dirixímonos a vós no comezo deste ano 2021 que agardamos esperanzador para o noso sector e a nosa profesión, pero cheo tamén de retos e incertezas que nos afectan a todos e todas. Temos o convencemento de que nos vindeiros meses comezaremos a ver a luz ao final do túnel da crise sanitaria, social e económica da Covid-19, pero cremos tamén que debemos saír dela traballando en conxunto, dende a colaboración necesaria cos distintos axentes implicados no sector escénico profesional galego.

Nun momento no que os espazos culturais acaban de reabrir en Galicia despois dunhas semanas de peche da nosa e a vosa actividade queremos por medio deste escrito trasladarvos aos e ás profesionais da programación cultural dúas cuestións que consideramos moi importantes.

En primeiro lugar, queremos facervos chegar no noso nome e no de todas as compañías produtoras que conformamos a asociación o noso agradecemento polo voso compromiso coa programación cultural, co tecido escénico profesional galego e co dereito das persoas a desfrutar dunha cultura segura, ao mesmo tempo apoiando a supervivencia dun sector que depende en enorme medida da contratación nos vosos espazos.

En segundo lugar, queremos facervos partícipes tamén da situación interna do sector, relativa sobre todo á relación das compañías produtoras co seu persoal contratado. As 44 empresas produtoras que neste momento conforman a nosa asociación asinan e cumpren un Regulamento Interno que, entre outras moitas cuestións, obriga ás nosas socias a operar dentro do marco que marcan os convenios colectivos vixentes en Galicia, no noso caso 2: o *Convenio Colectivo Autonómico de Eventos, Servizos e Producións Culturais de Galicia* e o *Convenio de Actores e Actrices de Teatro de Galicia*.

A respecto deste segundo queremos facervos partícipes dunha actualización nas táboas salariais dos actores e actrices de espectáculos dun 10% durante o ano 2021 (un 7% dende o 1 de xaneiro e un 3% dende o 1 de xullo) Esta porcentaxe débese a unha suba salarial do 5% pactada no 2012 que nunca se chegou a aplicar, sumada a outro 5% derivado da actualización do IPC nos últimos anos, e que nunca se chegara a aplicar tampouco.

A AAAAG (Asociación de Actores e Actrices de Galicia) xunto con sindicatos UXT, CCOO e CIG convocaron a Mesa Paritaria no último trimestre do ano, reivindicando esta actualización nun momento tan fráxil para as compañías. Non é necesario dicir o que na peor crise das últimas décadas supón para o sector unha suba de nada menos que o 10%. Aínda así, por responsabilidade e por considerar que se trataba dunha reivindicación xusta do persoal artístico, que tamén está sufrindo moi intensamente esta crise, dende Escena Galega aceptamos esta actualización.



Podedes acceder ás táboas salariais correspondentes ao ano 2021 na seguinte ligazón:

<http://aaag.gal/storage/resources/rates/attachment/e1d53dea-tarifas-teatro-2021.pdf>

Trasladámosvos esta situación pois polo de agora as compañías están asumindo integramente esta suba salarial do persoal artístico nas funcións contratadas para os primeiros meses do ano (por exemplo na Rede Cultural da Deputación da Coruña ou na RGTA), pero é moi posible que nas novas contratacións de funcións vexades un pequeno incremento nos cachés dos espectáculos, nomeadamente aqueles nos que haxa varios actores e actrices en contrato. A suba salarial por suposto abrangue non só as funcións senón tamén os periodos de ensaio dos espectáculos.

Sen máis, recibide un cordial saúdo.

Agardamos seguir véndonos nos teatros.

**#CulturaSegura**  
**#NonNosCanceles**  
**#ApoiaÁEscenaGalega**

#### **A XUNTA DIRECTIVA DE ESCENA GALEGA**

Juan Rodríguez (Caramuxo Teatro) **Presidente**

María Torres (Elefante Elegante) **Vicepresidenta**

Guillermo Carbajo (Redrum Teatro) **Secretario**

Anxo Manoel (Lucecús Teatro) **Tesoureiro**

Gustavo Del Río (Os Náufragos Teatro) **Vogal**

Santiago Cortegoso (Ibuprofeno Teatro) **Vogal**

Paula Quintas (Traspediante) **Vogal de danza e artes do movemento**

Firmado por 32845428W JUAN  
PABLO RODRIGUEZ (R:  
G15834773) el día  
17/02/2021 con un  
certificado emitido por AC

**ESCENA GALEGA (Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas)** é o colectivo de referencia para o sector das produtoras de artes escénicas en Galicia, contando neste momento con 44 compañías asociadas: produtoras de teatro, novo circo e danza e artes do movemento que conforman un gran escaparate da calidade e variedade da nosa escena actual, sendo ao mesmo tempo a asociación empresarial máis aglutinadora e extensa en número de compañías de todas as existentes da súa tipoloxía nas diferentes CCAA.